

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Educación ambiental para o desenvolvemento				
Materia	Educación ambiental para o desenvolvemento			
Código	O05G120V01901			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Boan Fernández, Francisco			
Profesorado	Boan Fernández, Francisco			
Correo-e	pacoboan@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo principal a educación para un desenvolvemento sostible. Os contidos farán máis fincapé na transmisión de aspectos prácticos relacionados cos procedementos, técnicas e estratexias para elaborar e aplicar programas ou actividades de Educación Ambiental (EA), que en dar a coñecer conceptos e teorías relativas á EA.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable

B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C23	Analizar e incorporar de forma crítica las cuestiones más relevantes de la sociedad actual que afectan a la educación familiar y escolar: impacto social y educativo de los lenguajes audiovisuales y de las pantallas; cambios en las relaciones de género e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social y desarrollo sostenible
C29	Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para procurar un futuro sostenible
C30	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover a adquisición de competencias básicas nos estudantes
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Lideranza
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Iniciativa e espírito emprendedor
D22	Motivación pola calidade
D23	Sensibilidade por temas medioambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación dos seus contidos coa EA, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B9	D1 D6 D8 D14 D15 D16 D22 D23

2. Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, relacionados coa EA.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C23 C29 C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
3. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos, culturais e curriculares.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B9 B10		D1 D3 D4 D6 D8 D14 D15 D16 D20 D23
4. Valorar a mutua influencia entre ciencia,sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para alcanzar un futuro sostible.	A1 A2 A3 A4 A5	B9		D1 D8 D14 D15 D16 D20 D23
5. Contribuír a desenvolver nos alumnos de Primaria as capacidades que lles permitan coñecer e valorar a contorna natural, así como as súas posibilidades de acción e de coidado.	A1 A2 A3 A4 A5	B7 B9		D7 D8 D14 D15 D21 D23

Contidos

Tema	
1. Análise da problemática ambiental.	Concepto actual de Medio Ambiente. Recursos naturais e tipos. Impacto ambiental. Interacción entre o sistema ecolóxico e o sistema económico. A crise ambiental. Problemas ambientais. Diferentes alternativas ante a problemática ambiental. Desenvolvemento sostible. Principios para alcanzar o desenvolvemento sostible. Índices de medida da sustentabilidade.
2. Aproximación conceptual á Educación ambiental.	Perspectiva histórica, concepto e fundamentos
3. Incorporación da EA ao currículo escolar da Educación primaria.	Idoneidade da escola, como marco para a Educación Ambiental. Incorporación da Educación Ambiental no sistema educativo. Fins e obxectivos da Educación Ambiental. Características da Educación Ambiental. Dificultades da Educación Ambiental. Modalidades de integración nel currículo escolar. Axenda 21 escolar. Ecoauditoría escolar. Currículo ambientalizado. Ecoescuelas.
4. Metodoloxías, recursos e materiais para EA.	Metodoloxías, recursos e materiais para EA
5. O deseño e posta en práctica de programas de EA.	O deseño e posta en práctica de programas de EA.
6. Avaliación de actividades, programas e recursos de EA para Educación Primaria	Avaliación de actividades, programas e recursos de EA para Educación Primaria

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	18	40	58
Traballo tutelado	15	36	51
Obradoiro	10	20	30
Seminario	8	1	9
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Clases maxistrais dialogadas sobre temas de fundamentación teórica. As exposicións teóricas realizadas serán en modo presentación PowerPoint. Estas teñen por finalidade, presentar ao alumnado unha información organizada e estruturada en forma de cadros e esquemas de síntese. Co fin de mellorar o valor didáctico deste método expositivo introduciranse elementos de motivación que inviten ao alumnado á participación, ao debate razoado e xeren un ambiente de aprendizaxe dinámica e aberto. Para que isto suceda, se incorporán paralelamente os seguintes recursos e estratexias didácticas: exploración das ideas ou coñecementos previos dos estudantes, proxección de materiais audiovisuais, comentarios de textos, animacións, etc.
Traballo tutelado	O alumnado, de xeito individual ou en grupo, elabora documentos ou actividades sobre distintas temáticas da materia que incluirá un edublog. Prepara investigacións, memorias, comentarios críticos de lecturas, presentacións, vídeos, webquest, bandas deseñadas, etc. Geralmente trátase dunha actividade autónoma que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía e uso das tecnoloxías da comunicación e da información (TIC). Os temas sobre os que realizarán os traballos poden ser moi variados, pero sempre deben versar sobre a análise, deseño, aplicación ou avaliación dalgunha intervención educativa de contido ambiental. Aínda que non sempre teñen por que contemplar todas estas etapas. De forma xeral o tema e o enfoque pode ser proposto polo alumnado aínda que sempre é necesario un acordo previo coa profesora. Os traballos poden ser individuais ou en grupo (máximo de dous estudiantes, salvo indicación da profesora).
Obradoiro	O principal obxectivo será iniciar ao alumnado no sesarrollo de determinadas habilidades, capacidades e destrezas para traballar a EA nas aulas de Educación Primaria. Os intereses dos /as estudantes, as circunstancias particulares, dificultan o poder concretar definitivamente todos os talleres que se realizarán ao longo do curso. Expomos posible talleres, dos que se escollerán como mínimo cinco cada cursos: - Edublogs - Glosters - Os xogos de simulación como recurso metodolóxico na EA - Planificación de Webquest en EA - Reutilización e reciclaxe - Taller de envases - Cine e Medio Ambiente - Planificación de campañas a favor do medio. - Fotodenuncia comentada - Elaboración de curtos con guión ambiental - Debuxos e bandas deseñadas - Reportaxes multimedia - Curtos con guión ambiental - Vídeos musicais con temática ambiental - Posters científicos - Presentacións de Medio Ambiente - Contos, cancións, dramatizacións... para traballar en EA.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorías individuais: ao final da clase. Titorías grupais: sesións con pequenos grupos, dentro da aula, para procurar o asesoramento e acompañamento do alumnado nos traballos principais. Titorizacións vía correo electrónico: para atender as dúbidas urxentes sobre a realización dos traballos, actividades, exames, etc. Formación on-line coa plataforma Faitic: para o intercambio e/ou debate, consulta de dúbidas,...

Seminario	A atención personalizada ao alumnado farase fundamentalmente a través de: Titorías individuais: ao final da clase. Titorías grupais: sesións con pequenos grupos, dentro da aula, para procurar o asesoramento e acompañamento do alumnado nos traballos principais. Titorizacións vía correo electrónico: para atender as dúbidas urxentes sobre a realización dos traballos, actividades, exames, etc. Formación on-line coa plataforma Faitic: para o intercambio e/ou debate, consulta de dúbidas,...

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Lección maxistral	Valorarase nas clases a participación activa.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B7 B8 B9 B10		D1 D3 D23
Traballo tutelado	A avaliación dividirase en tres apartados: avaliación técnica, valoración dos contidos e da exposición oral. Na avaliación técnica cualificarase o desenvolvemento da presentación desde aspectos puramente informáticos. Nos contidos terase en conta: a súa relevancia e a súa adecuación á EA; si o texto presenta corrección gramatical e ortográfica e si se emprega un nivel de linguaxe culta e un rexistro formal. Tamén se evaluará si se tiveron en conta as indicacións da profesora á hora de levar a cabo o traballo e si fixéronse as correccions recomendadas. Na presentación oral valorarase si utilízanse expresións e vocabulario adecuado; si son capaces de expresar as ideas cunha linguaxe propia sen necesidade de ler literalmente as diapositivas da presentación, etc. Os traballos subiranse a plataforma Faitic nas datas sinaladas.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C23 C29 C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Obradoiro	Valorarase a participación activa nas diferentes sesións prácticas programadas na materia.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B8 B10		D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D14 D15 D16 D18 D20 D21 D22 D23

Seminario	Valoración do desenvolvemento de actividades e do proceso de aprendizaxe. O alumnado, de xeito individual ou en grupo, elabora documentos ou actividades sobre distintas temáticas da materia. Prepara investigacións, memorias, comentarios críticos de lecturas, presentacións.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C23 C29 C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Poderán recuperar as competencias non adquiridas na convocatoria de final de cuadrimestre ou na correspondente ao mesde xullo, manténdoselles a nota das probas/actividades xa superadas. Os estudantes que non poidan asistir a clase contaráncon actividades e probas alternativas.Data do exame: Consultar a web da facultade no menú "Datas exames".

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Delibes, M. y Delibes De Castro, M., **La Tierra herida. ¿Qué mundo heredarán nuestros hijos?**, Destino, 2005

Latouche, S., **La apuesta por el decrecimiento.**, Icaria, 2008

Mogensen, F., Mayer, M., Breiting, S. y Varga, A., **Educación para el desarrollo sostenible. Tendencias, divergencias y criterios de calidad.**, Graó, 2009

Velázquez de Castro, F., **¿Es posible la sostenibilidad?.**, Editorial Popular, 2008

Bibliografía Complementaria

Novo, M., **El desarrollo sostenible. Su dimensión ambiental y educativa.**, UNESCO-Pearson, 2006

Agrasso, M. y Jimenez Aleixandre, M.P., **Percepción de los problemas ambientales por el alumnado: los recursos naturales.**, 2003

Arribas, F., **Construir la ciudadanía ecológica en las sociedades liberales: reflexiones desde la filosofía política.**, 2010

Bonil,J. Junyent,M. y Pujol R.Mª., **Educación para la sostenibilidad desde la perspectiva de la complejidad.**, 2010

Cid-Manzano, M.C. y Escudero-Cid, M., **Educación para la Sostenibilidad en el contexto de la asignatura Ciencias para el Mundo Contemporáneo**, 2010

Conde-Núñez, Mª C.; Moreira-Blanco,M., Sánchez-Cepeda,M. Mellado-Jiménez, V., **Una aportación para las escuelas sostenibles en la década de la educación para el desarrollo sostenible**, 2010

Dieguez- Uribeondo, J., **Biodiversidad. El mosaico de la vida**, 2011

Jaén,M. y Barbudo, P., **Evolución de las percepciones medioambientales de los alumnos de educación secundaria en un curso académico**, 2010

Vilches, A. y Gil, D., **La construcción de un futuro sostenible en un planeta en riesgo.**, 2008

Sauvé, L., **La educación ambiental y la globalización: Desafíos curriculares y pedagógicos**, 2006

Recomendacións

Outros comentarios

As estratexias de ensino deberán adaptarse ás circunstancias que se vaian producindo ao longo do curso.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha

planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).
Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:
 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican:
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:
Non hai.